

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA AXUDA

MT402A - PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS DESTINADAS A PARTICULARES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que se encontra ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendente de pago débedas coa Comunidade Autónoma nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Anexo IV relativo á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá, en cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na resolución, a descrición das unidades de obra realizadas, a medición de cada unha delas, os prezos unitarios e o orzamento total, co IVE desagregado. Así mesmo, a memoria acompañarase de fotografías das zonas reformadas que amosen as obras realizadas obxecto da subvención.
- Memoria económica do custo das actividades realizadas, que aplicado a esta subvención, consiste nunha factura ou lista de facturas, xunto coas certificacións bancarias ou, na súa falta, as copias das ordes de transferencia, que xustifiquen o seu pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- A/as factura/s deberán conter:
- A actuación, das descritas no punto 2º e recollidas na correspondente resolución de concesión, a que corresponde.
 - Data e número da factura.
 - Importe, IVE excluído.
 - Proveedor: nome ou razón social e CIF ou NIF.
 - Descrición dos bens ou servizos proporcionados.
 - Forma de pagamento.
 - Data de pagamento.
- A solicitude do preceptivo título habilitante de natureza urbanística (licenza ou comunicación previa, segundo o caso), así como os informes ou autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, de ser o caso.
- Para aqueles beneficiarios da axuda que non teñan ao seu nome na base de datos do catastro o ben ou o inmovible sobre o que se vai realizar a actuación, deberán presentar a documentación acreditativa da titularidade deste (escritura de propiedade, nota simple informativa do rexistro da propiedade, testamento, ou calquera outro título válido en dereito).
- Para as copropiedades aportarase a autorización de todos os copropietarios para a realización da actuación obxecto de subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas ou entidades interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de